



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 2 DE DECEMBRO DE 2022

ALCALDE

D. Mariano Iglesias Castro.

CONCELLEIROS/AS:

PSdeG-PSOE:

D^a Pilar Sánchez Ulloa.

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D. José Pardo Álvarez.

D^a María Amparo García Pernas.

D. José Manuel Blanco López.

BNG:

D^a Beatriz Louro López.

Non asisten e se escusan:

PSdeG-PSOE:

D. José Fernando García Lesta.

D. José Bello López.

D. Manuel Méndez Remeseiro.

PP:

D. Jesús Mosquera Manteiga.

SECRETARIO - INTERVENTOR :

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 2 de decembro de 2022, sendo as trece horas e trinta minutos, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reúnen-se, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno.

1. APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 7 DE OUTUBRO E Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA 22 DE NOVEMBRO DO 2022.

Pregunta o Sr. Alcalde se por parte dos concelleiros se quere formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes ás sesións sinaladas no epígrafe.

Non habendo pronunciamentos ó respecto, quedan aprobadas as actas por unanimidade dos membros presentes.

2. ADHESIÓN AO PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E MEDIDAS ANTI-FRAUDE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (PREMADECOR) E DELEGACIÓN DAS FUNCIÓNS DE ANÁLISE DE RISCOS, USO DO CANLE DE BO GOBERNO E DENUNCIAS, INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DOS PROCEDIMENTOS ADMINISTRATIVOS DE COMPETENCIA DA ADMINISTRACIÓN LOCAL.

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

“ADHESIÓN AO PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E MEDIDAS ANTI-FRAUDE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (PREMADECOR) E DELEGACIÓN DAS FUNCIÓNS DE ANÁLISE DE RISCOS, USO DO CANLE DE BO GOBERNO E DENUNCIAS, INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DOS PROCEDIMENTOS ADMINISTRATIVOS DE

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



COMPETENCIA DA ADMINISTRACIÓN LOCAL.

Visto o Plan xeral de prevención de riscos e de medidas anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (Plan PREMADECOR) publicado no BOP núm. 125 do 04/07/2022.

Propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Adherirse ao PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E MEDIDAS ANTIFRAUDE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (PREMADECOR), aprobando todos os seus documentos e formularios.

SEGUNDO.- Delegar na Deputación da Coruña todas as funcións e competencias referidas á aplicación do PREMADECOR: análise previo de riscos, uso do canle de bo goberno e denuncias, instrución e resolución dos procedementos administrativos e sancionadores derivados da aplicación deste Plan, mesmo a competencia para a xestión recadatoria dos ingresos de dereito público resultante. Aceptando as bases aprobadas polo Pleno da Deputación da Coruña, co seguinte contido:

“BASES PARA A DELEGACIÓN DAS FUNCIÓNS DE ANÁLISE DE RISCOS, USO DO CANLE DE BO GOBERNO E DENUNCIAS, INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN DOS PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS DE COMPETENCIA DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

PRIMEIRA.- Contido da delegación.

1. Unha vez adherido ao PRAMEDECOR, a delegación abranguerá todas as funcións e competencias referidas a aplicación efectiva do Plan en cada un dos proxectos de gasto con financiamento procedente do PRTR da Unión Europea.
2. En cada expediente, a Deputación realizará unha análise previa de riscos, asesorará ao concello na tramitación dos procedementos e incorporación aos mesmos das DACi e de calquera outro documento en relación co control dos fondos procedentes do PRTR da Unión Europea.
3. Na sede electrónica do Concello haberá disposto un enlace co Canle de Bo Goberno e denuncias da Deputación, de xeito que calquera persoa poderá presentar unha denuncia referida a un posible uso ou tramitación irregular dos procedementos administrativos dos expedientes de gastos municipais financiados co PRTR da Unión Europea.
4. A Deputación tramitará os procedementos correctivos e sancionadores que resulten aplicábeis e acordará o reintegro dos fondos indebidamente aplicados, cos xuros de demora correspondentes. Tamén tramitará os procedementos sancionadores, impondo no seu caso as sancións previstas na Lei.
5. As liquidacións resultantes serán aprobadas pola Deputación, entidade que instruírá os procedemento de recadación para o seu cobro, tanto período voluntario como executivo. Para tal efecto, resultarán de aplicación as Bases para a prestación de servizos tributarios publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 209, de 3 de novembro de 2021.

SEGUNDA.- Procedemento para a tramitación da análise de riscos en cada expediente de gasto.

1. Unha vez aprobado polo órgano competente do Concello o proxecto de gasto, no que quede acreditado o compromiso firmes de achega de fondos procedentes do PRTR da Unión europea, o expediente completo, cos informes de secretaría e do órgano interventor municipal, será remitido á Deputación da Coruña a través do SIR, instando a elaboración da análise previa de riscos.
2. Recibido o expediente, o Negociado de control financeiro e auditoría, baixo a supervisión e coa conformidade do órgano interventor, elabora realizará a análise previa de riscos, elaborando o documento correspondente.
3. O traballo realizado será ditaminado polo CADECOR da Deputación, emitíndose informe de conformidade ou instando a emenda das deficiencias advertidas.
4. Unha vez recibido o informe de conformidade do CADECOR, o resultado do traballo realizado, xuntamente coa devolución do expediente, será remitido ao concello deléxante para que proceda ao seu informe e aprobación,
5. Do acordo de aprobación, da súa aplicación e das incidencias que poidan xurdir, darase conta a efectos informativos ao CADECOR

TERCEIRA.- Procedemento de tramitación de denuncias, impulso e tramitación e resolución de procedementos.

1. Unha vez recibida unha denuncia no canle de bo goberno e denuncias, comunicarase de xeito inmediato ao concello interesado, para que poida adoptar as medidas cautelares que estime máis axeitadas. Simultaneamente, o CADECOR procederá á apertura dunhas actuacións previas para coñecer as circunstancias do caso concreto, de conformidade eco disposto no apartado 2.3 do PREMADECOR.
2. Concluídas as actuacións previas, no casos en que procedan os feitos serán comunicados á entidade decisoria ou entidade executora,



así como á autoridade responsable. Simultaneamente denunciará os feitos coñecidos ás autoridades públicas competentes.

3. Nos casos en que proceda, a Deputación, a través do Negociado de Control financeiro e auditoría, tramitará os procedementos de reintegro de fondos públicos e, no seu caso, os procedementos sancionadores en materia de subvencións.

4. Os Servizos tributarios da Deputación levarán a cabo os procedementos de recadación, nos termos establecidos nas Bases para a delegación desta función

Mesía, 28 de novembro de 2022 Asdo. Mariano Iglesias Castro. Alcalde.”

Manifesta o Sr. Alcalde que este acordo trata da adhesión ao indicado Plan da Deputación Provincial de prevención de riscos e medidas antifraude, así como a delegación das funcións indicadas na proposta; é un Plan ao que se están adherindo a maior parte dos concellos da provincia, e que ten como obxectivo facer un seguimento daqueles proxectos financiados cos fondos da Unión Europea no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, así como a verificación de que se fai un bo uso dos fondos percibidos.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete o asunto a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes, maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

3. MOCIÓN DO BNG RELATIVA A TOMA DE MEDIDAS PARA O FOMENTO DO SISTEMA DE TRANSPORTE.

O Sr. Alcalde pasa a palabra á Sra. Louro, quen da conta da moción que, de seguido, se transcribe:

MOCIÓN RELATIVA A TOMAR AS MEDIDAS PARA O FOMENTO DO SISTEMA DE TRANSPORTE PÚBLICO POR ESTRADA

Beatriz Louro López, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Mesía, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en pleno,

Exposición de motivos:

O transporte colectivo de carácter público é un elemento fundamental á hora de vertebrar o noso país, cumprindo tamén unha labor social á hora de democratizar o acceso ao transporte e garantir que áreas con complicacións engadidas na súa comunicación, poidan tela.

Alén de este valor, o transporte público é de vital importancia á hora de facer máis sustentábel o desprazamento de persoas por estrada, polo que un bo servizo público de transporte axudará a reducir o número de vehículos persoais nas estradas e polo tanto as súas emisións, así como de accidentes ou colapsos e ruídos nos espazos urbanos.

Ademais hoxe máis ca nunca se pon de manifesto a importancia do transporte público, dadaa crise enerxética, económica e social que dificulta os desprazamentos continuados no transporte privado e os gastos que estes supoñen.

Segundo o INE, unhas 150.000 persoas desprázanse diariamente entre diferentes concellos galegos, xa sexa por traballo, estudos ou xestións de calquera tipo. A maioría destes desprazamentos son realizados en vehículos particulares, xa que, tal e como sinalan expertas da UDC (Universidade da Coruña), o servizo de transporte público non é útil para a maior parte destes desprazamentos, por falta de horarios, itinerarios e paradas.

Dende a instauración do último plan de transporte de Galiza, son milleiros as queixas de persoas usuarias, colectivos e traballadores ante este novo modelo no deseño das licitaciónspúblicas e da súa execución ou posta en práctica.

Este novo plan de transporte está a deixar unha Galiza peor comunicada e un servizo máisprecarizado, con eliminación de horarios, itinerarios e paradas, cuestión que repercute negativamente na vida diaria da sociedade galega.

O noso futuro como sociedade debe pasar por un transporte público forte, que xogue un papel indiscutibel en canto á vertebración do noso territorio, que funcione tamén como un elemento que garanta a igualdade de oportunidades para todas as galegas e galegos e que nos achegue tamén á redución das emisións contaminantes cara unha sociedade máis limpa.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 63 70 01 – Fax 63 70 69

exp. 2022/G010/000008

Para que isto sexa así é necesario fomentar o uso do transporte público, non limitándose a facer pasar por medidas esenciais as complementarias, que sendo estas positivas, non resolven os problemas estruturais. Segundo o estudo antes citado, unha parte importante da sociedade galega non utiliza o transporte público porque non o ve atractivo, ou en outras palabras, non lle é útil ou está moi lonxe de cubrir as súas necesidades.

Cubrir estas necesidades actualmente conséguese cun reforzo en itinerarios e horarios, facendo que se cumpran as condicións do servizo e que este sexa accesíbel economicamente para as usuarias. Medidas como as anunciadas para o período entre setembro e decembro, cunha bonificación do 50% non é unha medida suficiente para un fomento real do transporte público.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego** somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

1.- Instar ao Goberno Galego a fomentar o uso do transporte público por estrada, aplicando, cando menos, as seguintes medidas:

- a) Reforzo do servizo en concepto de itinerarios, horarios e paradas dispoñibles, tanto nas conexións coas cidades coma no transporte intracomarcal e rural.
- b) Instauración dunha tarifa plana para usuarios recorrentes e bonificacións aplicando criterios sociais, tales como situación de desemprego, rendas baixas, persoas pensionistas etc.
- c) Posta en marcha bonificacións para a mocidade, ligadas ao Carné Xove, para as persoas que excedan a idade máxima da Tarxeta Xente Nova e gratuidade no transporte público para estudantes.
- d) Gratuidade das autovías dependentes da Xunta de Galiza.

Mesía, 28 de novembro de 2022

Beatriz Louro López.

Portavoz do Grupo Municipal do BNG

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MESÍA"

2.- Instar ao Goberno Galego a un reforzo no control e inspección, a todos os niveis, no cumprimento dos contratos asinados coas empresas concesionarias.

O Sr. Alcalde manifesta que o equipo de goberno está de acordo coa moción, pero outra cousa é o caso que nos fagan.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete o asunto a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

4. MOCIÓN DO BNG SOBRE AS TRABALLADORAS DE AXUDA NO FOGAR.

O Sr. Alcalde da conta de que esta moción presentouse por erro por parte da Sra. Louro, xa que é a mesma que xa se tratou no pasado pleno do 12 de febreiro do pasado ano, polo que se retira da orde do día.

5. MOCIÓN.

Pregunta o Sr. Alcalde se algún grupo quere, pola vía de urxencia, presentar algunha moción.

Non habendo intervencións, pásase ao punto seguinte da orde do día.

6. DAR CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA (DO 385 AO 463 DO ANO 2022).



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2022/G010/000008

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen un listado cun extracto dos correspondentes decretos e resolucións, podendo consultar o seu contido íntegro na casa do concello, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.

Copia de RELACION DECRETOS 2022

N ^a DECRETO	ASUNTO	FECHA
385	Execución do gasto 03-10-22	03/10/2022
386	TC 01/2022 Transferencia de crédito	04/10/2022
387	Adxudicación contrato menor subministro equipamento informatico servizos sociais. POS+Adicional 1/2022	04/10/2022
388	Convocatoria Sesión Plenaria Ordinaria 6 do 07/10/2022	04/10/2022
389	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	05/10/2022
390	Aprobación admisión usuario praza PAI curso 2022-2023	05/10/2022
391	Cambio de domicilio no Padrón Municipal de Habitantes	05/10/2022
392	Convocatoria Xunta de Goberno Local nº 23 do 7/10/2022	05/10/2022
393	Corrección de erro material Decreto 392-2022	05/10/2022
394	Contrato menor de servizo- clases de pintura e debuxo curso 22-23	06/10/2022
395	Contrato menor de servizo - Clases de inglés curso 2022-2023-	06/10/2022
396	Execución do gasto 06/10/2022	06/10/2022
397	Cambio de titularidade do contrato do servizo de abastecemento de auga municipal.	07/10/2022
398	Aprobación expediente de adquisición de finca en Boado.	07/10/2022
399	Nomeamento secretaria accidental.	07/10/2022
400	Cambio de titularidade do contrato do servizo de abastecemento de auga municipal	10/10/2022
401	Cambio de domicilio no Padrón Municipal de Habitantes	13/10/2022
402	Concesión acometida enganche a rede de abastecemento de auga municipal	14/10/2022
403	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	14/10/2022
404	Alta por nacemento no Padrón Municipal de Habitantes	17/10/2022
405	Execución do gasto 18-10-202	18/10/2022
406	Liquidación Servizo de Axuda no Fogar, mes setembro 2022	18/10/2022
407	Alta no Servizo de Axuda no Fogar (SAF)	18/10/2022
408	Convocatoria Xunta de Goberno Local nº 24 do 20/10/2022	18/10/2022
409	Resolución recurso de reposición - declaración de ineficacia de actividades.	18/10/2022
410	Concesión axuda por nacemento de fillo	19/10/2022
411	Aprobación certificación 1 obra CAMIÑO DA FONTE A PEREIRUGA-LIMITE FRADES.PLAN MELLORA CAMIÑOS MUNICIPAIS 2022-2023. ANUALIDADE 2022.	20/10/2022
412	Baixa no Padrón Lixo por duplicidade	25/10/2022
413	Concesión autorización enganche á rede de abastecemento de auga municipal	26/10/2022
414	Concesión autorización enganche á rede de abastecemento de auga municipal	26/10/2022
415	Concesión autorización enganche á rede de abastecemento de auga municipal	26/10/2022
416	Concesión autorización enganche á rede de abastecemento de auga municipal	26/10/2022
417	Execución do gasto 26/10/2022	26/10/2022
418	Execución do gasto 26/10/2022	26/10/2022
419	Conta xustificativa subvención adquisición de libros biblioteca	27/10/2022
420	Baixa do servizo SAF_MMLU	27/10/2022
421	Concesión autorización enganche á rede de abastecemento de auga municipal	27/10/2022

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2022/G010/000008

Copia de RELACION DECRETOS 2022

N ^a DECRETO	ASUNTO	FECHA
422	Alta por cambio de residencia no PMH	28/10/2022
423	Nomeamento sustituta temporal PAI	28/10/2022
424	Execución do gasto 28-10-22. Nominas outubro 2022	31/10/2022
425	Alta por cambio de residencia no PMH	31/10/2022
426	Execución do gasto 31-10-22. Complementario nominas outubro 2022	31/10/2022
427	Alta Saf Básico_JRU	31/10/2022
428	Convocatoria XGL 25 do 03-11-2022	31/10/2011
429	X.C. 12-2022. Subvención Xunta. Campo de voluntariado- ARBORETUM - MESÍA	31/10/2022
430	Contrato menor clases de ximnasia rítmica. Curso 22-23	31/10/2022
431	Contrato menor clases de aerobic. Curso 22-23	31/10/2022
432	Xestión folga SAF	31/10/2022
433	Contrato menor clases de baile. Curso 22-23	02/11/2022
434	Alta por cambio de residencia no PMH	02/11/2022
435	Aprobación padrón da auga 2º trimestre	02/11/2022
436	Modificación intensidade SAF_DVL	04/11/2022
437	XC 13-2022. Subvención Xunta actividades conciliación. Plan corresponsable 2022	07/11/2022
438	Bases convocatorias e axudas. Verbenas 2022	07/11/2022
439	Aprobación conta xustificativa. Subvención voluntariado	08/11/2022
440	Aprobación certificación final de obra de Liñarcobo á Igrexa (Bascoi) POS2021	08/11/2022
441	Corrección erro material decreto 439-2022	08/11/2022
442	Alta por cambio de residencia PMH	08/11/2022
443	Concesión autorización enganche á rede de abastecemento de auga municipal	10/11/2022
444	Adquisición ben. Finca Boado	10/11/2022
445	Contrato menor servizos. Actividades de conciliación	11/11/2022
446	Aprobación 4ª certificación de obra do novo depósito de auga de Mesía	15/11/2022
447	Convocatoria XGL 26 do 17-11-22	15/11/2022
448	Alta por cambio de residencia no PMH	15/11/2022
449	X.C. 14-2022. Subvención ministerio presidencia. Pacto de Estado contra a violencia de xénero	16/11/2022
450	Aprobación da conta xustificativa. Subvencio PMC 2022	16/11/2022
451	Liquidación SAF. Mes de outubro	17/11/2022
452	Convocatoria sesión plenaria extraordinaria 07-2022 do 22-11-2022	17/11/2022
453	Execución do gasto 17-11-22	17/11/2022
454	Baixa SAF Básico_MSV	18/11/2022
455	Modificación da titularidade do recibo da auga.	21/11/2022
456	Aprobación da conta xustificativa subvención. Ler conta moito 2022	21/11/2022
457	Execución do gasto 21-11-2022	21/11/2022
458	Concesión de axuda de nacemento	22/11/2022
459	Corrección erro decreto 458-2022	22/11/2022
460	Execución do gasto 22-11-2022	22/11/2022
461	Concesión axuda acollemento menor	23/11/2022
462	Autorización axuda acollemento menor	23/11/2022
463	Alta por cambio de residencia no PMH	25/11/2022

Non habendo intervencións, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



7. DAR CONTA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 22 DE SETEMBRO, 7 E 20 DE OUTUBRO E 3 DE NOVEMBRO DE 2022.

Manifesta o Sr. Alcalde que os concelleiros xa teñen copia das actas da Xunta de Goberno Local, por si alguén quere algunha aclaración ou manifestar o que estime oportuno.

Pregunta a Sra. Louro por un acordo da sesión de data 20 de outubro, relativo a un recurso da empresa SENES CIT S.L., no expediente de contratación do servizo de apoio ao servizo de axuda no fogar, respostando o Sr. Alcalde que nese expediente, a citada empresa resultou inicialmente proposta como adxudicataria, pero por erro noso, non advertimos que a súa oferta estaba incursa en baixa temeraria. Cando advertimos o erro requerímoslle que xustificara a súa baixa, pero non se lle aceptou a xustificación en base aos correspondentes informes técnicos, polo que adxudicouse o contrato á empresa que presentou a seguinte mellor oferta. Ante isto, SENES CIT S.L. interpuxo un recurso ante o tribunal administrativo de contratación pública de Galicia, que foi desestimado polo tribunal, que dixo que a actuación municipal foi correcta. No acordo polo que pregunta se contesta ao recurso e se acorda a remisión do expediente ao tribunal.

Non habendo intervencións, pásase ao punto seguinte da orde do día.

8. ROGOS E PREGUNTAS.

Non habendo máis intervencións nin asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as catorce horas, levanta a sesión, da que eu, Secretario, certifico.

Visto e Prace,
O alcalde,
D. Mariano Iglesias Castro.